

La sociedad de consumo

Os roles de xénero son o primeiro nivel de estratificación social, porque dá lugar a diferente acceso ao prestixio, á propiedade e á riqueza. ATEISMO: crenza baseada na inexistencia da divindade. AGNOSTICISMO: pensar que é imposible chegar a saber se a divindade existe. **Mitos, ritos e relixións:** a historia dá conta tamén de que o culto aos deuses está presente dende os comezos da civilización humana como se demostras nas mitoloxías. RELIXIÓN: é un sistema de símbolos que permite crear vínculos entre os seres humanos ao formular unha concepción do mundo compartida e un estado emocional común. A relixión inclúe tanto as institucións máis formais como as tradicións, a mitoloxía, as experiencias místicas, os ritos... e todos aqueles elementos culturais que teñan que ver coa espiritualidade humana. O ser humano usa a relixión para ATOPAR SENTIDO A SÚA EXISTENCIA, para situarse no mundo e, dalgunha forma, controlalo. Algúns antropológos afirman que a morte é a orixe de toda relixión, outros afirman que é a orixe de toda a cultura. A MORTE é para o ser humano o seu horizonte vital. É consciente de que vai morrer e elabora respostas para tentar superar a angustia que lle produce este feito. A morte non é o único feito sobre o que se pregunta o ser humano. As preguntas que se fai o ser humano, pola súa conciencia de si mesmo e o seu contorno, parecen ser universais e estar presentes en todas as culturas e en todos os individuos. As respostas relixiosas non apelan á nosa intelixencia nin á nosa razón, senón que se dirixen ó **ÁMBITO DA INTUICIÓN E DOS SENTIMENTOS**. É innegable que a relixión forma parte indisoluble do fondo cultural de calquera sociedade e da historia da humanidade en xeral. **O horizonte mitolóxico:** OS MITOS son un tipo especial de relato que tenta explicar e dar respostas ás principais preguntas do ser humano. A súa función é lograr que sexamos capaces de asimilar emocionalmente aqueles aspectos da vida e a natureza que nos producen angustia e estrés. A ESTRUCTURA DOS MITOS É SIMILAR EN TODAS AS CULTURAS. Se descompoñemos os mitos nas súas unidades fundamentais, veremos que forman unidades en oposición (ben/mal, home/muller, vida/morte...) que reflicten os valores da sociedade que orixina o mito. OS MITOS TEÑEN OS SEGUNTES COMPOÑENTES: 1)**contido:** se refire sempre ás cuestións últimas que afectan ó ser humano. 2)**función:** é proporcionar valores e darlle sentido á vida humana, mesmo a aqueles aspectos que semellan non telo como o sufrimento, a enfermidade, o sacrificio e a morte. 3) **o seu contexto:** adoita ser no ámbito do ritual, en épocas e situacións específicas relacionadas co ámbito do sagrado. 4)**a súa estrutura:** vén determinada por pares de oposicións que comezan pola ruptura temporal entre o tempo mítico e o tempo natural, entre o material e o espiritual, entre o ben e o mal. 5) **a súa forma:** pode ser múltiple, xa que pode narrarse en forma de relato, pero tamén de danza, película.. **Os rituais:** OS RITOS son cerimoniais que se repiten invariablemente de acordo cunhas normas estritas. Representan o RELATO DUN MITO e teñen un carácter simbólico. Permiten recordar e facer presente o mito, renovándoo para que siga a cumprir a súa función na cultura. Estas celebracións poden ser máis ou menos solemnes segundo teñan un carácter institucional ou ben poidan ser levadas a cabo por calquera crente. Nas relixións comunitarias os ritos son representados por un sacerdote que é o representante da igrexa. Non obstante, en relixións individualistas o rito é representado por calquera persoa. Os diferentes tipos de ritos teñen que coa súa **FUNCIÓN:** 1)DE PURIFICACIÓN: para lavar a culpabilidade e reconciliar a persoa coa divindade. Case sempre teñen que ver coa auga. 2) DE SANGUE: para ofrecerlle sacrificios á divindade. Estes rituais poden ser na propia persoa ou a través de animais. 3) DE INICIACIÓN: para introducir a un neófito nos misterios ou prácticas relixiosas secretas. 4)FENÓMENOS NATURAIS: a primavera, a colleita, os temporais... 5) EXORCISMOS: para afastar os malos espíritos. 6) DE CONSAGRACIÓN: para dotar de autoridade a persoas ou facer lugares sagrados. 7) CONMEMORACIÓN: para recordarlle acontecementos clave ou a fundación dunha crenza... 8) DE ACCIÓN DE GRAZAS: por un beneficio recibino despois dunha petición. 9) DE EXPIACIÓN: para pedir o perdón por unha culpa. 10) DE TRÁNSITO U DE PASO: danse en momentos clave da vida e conmemoran o paso dunha posición social a outra. **As relixións:** a orixe do termo RELIXIÓN

vincúlase ao verbo latino religare, que significa volver a establecer lazos entre o ser humano e Deus. A relixión relaciona as persoas cun ser superior do cal se recoñecen dependentes. O individuo relixioso recoñece esa relación de DEPENDENCIA COA DIVINDADE e expresaa mediante palabras, xestos e ritos especiais que configuran unha determinada relixión. A relixión propón sempre unha relación persoal cunha entidade con vontade e intelixencia, coa que é posible a comunicación e non con forzas cegas da natureza. Case sempre se elixen lugares, obxectos e expresións concretos que se reservan para ese fin, que se consagran a Deus e que se fan sagrados. Millóns de persoas no planeta cren que existe un Deus creador do mundo e da humanidade: cristianismo, islamismo, hinduísmo, budismo, confucianismo, shintoísmo, taoísmo, xudaísmo e zoroastrismo (cultos africanos e as manifestacións relixiosas dos pobos aborixes. A relixión é un produto cultural que á vez intervén na formación e orientación das diversas culturas e articúlase con elas. Hai CATRO DIMENSIÓNS FUNDAMENTAIS de calquera fenómeno relixioso que teñen moita influencia na sociedade. 1) O SISTEMA DE CRENZAS fai referencia ós contidos do credo de cada relixión e á doutrinas sobre Deus, o mundo, o ser humano e as súas relacións mutuas. As crenzas son a base da vida relixiosa. Son as que dan valor e significado ós ritos. Nalgúns casos este sistema de crenzas oponse ás normas, dando lugar á conflitividade social.